

**CIG****Boletín
Sindical**

Nº 26 - 2019

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Primeiro de Maio Recuperar dereitos para avanzar


Camiñamos cara a un Primeiro de Maio no que a clase traballadora galega ten que tomar as rúas de Galiza para enviar unha mensaxe clara e inequívoca ao goberno que saia das urnas nas eleccións convocadas para o día 28 de abril: exiximos a derogación das reformas laborais e das pensións e das políticas neoliberais executadas coa escusa da crise porque, cada día que pasa sen que esas políticas muden, medra máis a precariedade, a pobreza e a perda do poder adquisitivo das traballadoras e traballadores.

As loitas obreiras e populares que durante estes meses se enfrontaron ao desmantelamento industrial de Galiza, ao peche e deslocalización de empresas, ás desigualdades de xénero, á emigración e ao empobrecemento xeneralizado teñen que confluír, nesa xornada, para dicir alto e claro que a recuperación dos dereitos é imprescindible para poder avanzar como clase traballadora e como pobo galego.

O conxunto da clase traballadora galega temos a responsabilidade de tomar a iniciativa e seguir o exemplo das múltiples loitas que se sucederon ao longo destes meses, como a das mulleres, o pasado 8 de Marzo; a das traballadoras e traballadores do sector de ambulancias; a do persoal de Alcoa; de Ferroatlántica; de Poligal; da sanidade pública; das auxiliares

do naval en Ferrol; ou as loitas en defensa dunhas pensións públicas en Galiza.

Non podemos quedar de brazos cruzados. Non nos podemos permitir o luxo de estar esperando que nos salven desta situación. O Goberno español do PSOE xa demostrou que non tiña intención de cambiar as políticas do PP, ao manter o modelo económico e de relacións laborais nacido das reformas de 2010 e 2012, que supuxeron un auténtico golpe de Estado aos dereitos laborais, sociais, da negociación colectiva e do sistema



público de pensións. E non só iso, os orzamentos que o PSOE pactou con Podemos, ademais de insuficientes e inxustos en materia laboral, relegaban a Galiza a unha posición residual polo significativo recorte dos investimentos previstos para o noso país.

Esta situación conta coa colaboración dun fraudulento presidente da Xunta, que agora se disfraza nun discurso crítico e reivindicativo contra o Goberno de Madrid cando, en verdade, cos seus feitos demostra que non ten vontade de facer nada para frear a grave situación de emerxencia nacional e social que atravesamos en Galiza.

Traballo digno

Non podemos permitir que continúe o proceso de desertización industrial da nosa nación. As próximas convocatorias electorais son unha oportunidade para mudar esa realidade. O noso futuro pasa por apostar por forzas políticas propias, nacionalistas e de esquerdas, que defendan os nosos intereses sen hipotecas, sen obediencias a Madrid.

Porque a posibilidade de recuperar os nosos dereitos laborais e sociais para avanzarmos depende de que creamos, en verdade, nas nosas propias capacidades colectivas como clase traballadora e como pobo galego, para poder vivir e traballar dignamente na nosa terra.



Preacordo no sector de ambulancias grazas á forza da unidade e á loita

A inmensa maioría das traballadoras e traballadores do sector de ambulancias ratificaron en asemblea o preacordo económico acadado na mesa de negociación do convenio, que supón un incremento salarial mínimo do 22% para o período de vixencia do convenio (contando subas anuais, a terceira paga extra e o cobro de todos os conceptos nas vacacións). Un incremento que non tería sido posíbel “sen a ferramenta que supón a folga e a forza e unidade demostradas neste conflito”, segundo explica o responsábel do sector de Transporte da FGAMT-CIG, Xesús Pastoriza.

Foron precisos anos de incansables mobilizacións contra os intentos dunha patronal “irresponsable” -por presentar propostas con baixa temeraria para se facer coas concesións- e “pirata” -por pretender conseguir a súa marxe de beneficios a custo de rebaixar as condicións das traballadoras e traballadores propoñendo descolgues salariais- e unha folga dun mes para obrigar as empresas a sentaren a negociar o convenio colectivo, que levaba xa tres anos caducado.

Mais tamén foi preciso presionar á Xunta de Galiza, que, coa súa actitude insensata, consentiu que estas empresas se fixesen coas concesións aínda sabendo que, coa súa baixa temeraria, quen ía pagar as consecuencias eran, non só as traballadoras e traballadores, senón tamén a propia calidade do servizo.

Combater a precariedade

Superada a primeira fase da negociación quedan aínda aspectos sobre a mesa (agárdase que o luns 1 de abril se chegue a un preacordo definitivo) para alcanzar un consenso final que contemple tamén o necesario incremento salarial para o persoal en

prácticas e garanta a conversión en indefinidos dos contratos temporais. Medidas que para o responsábel do sector de Transporte da FGAMT-CIG, Xesús Pastoriza, son esenciais para combater a precariedade laboral existente no sector.

Xunto a isto aínda queda por acordar a fórmula de horas; cuestións relativas a prevención de riscos laborais; e que se inclúa no texto do convenio o protocolo para as mulleres embarazadas que ía no apartado de prevención.

O que si se aceptou xa é que os salarios estean na conta dos/as traballadores/as antes do día 5 de cada mes e incluír unha nova redacción sobre o control horario que acordaron elaborar as organizacións sindicais.

Con isto, Pastoriza conclúe que foi a forza das traballadoras e traballadores, a súa capacidade de mobilización, unidade e loita a que conseguiu que “se dignifiquen as condicións salariais no sector, compensándose agora, con creces, os anos sen convenio colectivo”.





S.O.S industria galega

Campaña da CIG en defensa do emprego no sector

Empresas electrointensivas, naval, automoción... o sector industrial galego atravesará unha situación crítica que ameaza milleiros de postos de traballo, pon en risco a estabilidade da economía e compromete o futuro do país. Fronte a isto, a federación de Industria da CIG está a desenvolver unha campaña de información e mobilización que terá o seu epicentro na asemblea nacional de delegados/as que terá lugar na facultade de Dereito de Santiago o mércores 10 de abril e que incluírá unha manifestación até a Consellaría de Industria.

‘Na defensa da industria e do emprego na Galiza’ é o lema baixo o que se celebrará un encontro no que participarán representantes sindicais da central nas principais empresas da industria galega co obxectivo de poñer en común a análise feita pola CIG a respecto da problemática dun sector que emprega a milleiros de persoas no noso país. A asemblea tamén servirá para aprofundar nas propostas e alternativas que a Xuízo da central servirían para garantir a supervivencia do tecido industrial galego.

A nosa industria está sumida nun proceso de esmorecemento que se agudizou coa crise económica a partir de 2008. Este proceso, que continúa con máis forza na actualidade, ameaza con converter Galiza nun deserto industrial porque as políticas que aplican nesta materia o Goberno español e a Xunta non apostan polo desenvolvemento das potencialidades do país.

Para iso é necesario rematar os ciclos produtivos aquí e abrirnos a novos sectores nos que poidamos ser punteiros (eólico, agro-gandeiro, forestal, mar, aeronáutico, aeroespacial, etc.). Trátase de potenciar as distintas capacidades que temos como país, pero para iso precisamos vontade política e soberanía.

Porque sen industria non hai futuro, xa que se trata da actividade máis idónea para estabilizar e xerar emprego

debido á gran capacidade de arrastre sobre outros sectores, acelerando os procesos de recuperación económica e sendo por iso mesmo un sector consolidado e firme nos países máis desenvolvidos.

Para isto é imprescindible que o Goberno galego sexa o impulsor do desenvolvemento económico e industrial, investindo directamente nas empresas ou por medio de compañías mixtas de capital galego. Hai que poñer en marcha un Plan Galego de Política Industrial que propicie unha industria forte xeradora de emprego e que apoie aqueles sectores

que historicamente son os alicerces básicos da nosa economía.

Este Plan Galego de Política Industrial ten que se concretar por actividades a nivel territorial complementando os ciclos produtivos, incrementándose deste xeito o seu valor engadido, cuestión fundamental para a produtividade e competitividade, que son os parámetros que inciden na supervivencia das empresas. Débense marcar pautas para o acceso ao financiamento e potenciar a colaboración entre empresas, universidade e centros de investigación; é fundamental a formación dos traballadores/as e o investimento en I+D+i; e garantir unha subministración enerxética estábel e a prezos competitivos.

Industria 4.0

Tamén é necesario adaptar a nosa industria á nova realidade tecnolóxica que está a afectar a todos os sectores. A chamada *industria 4.0* vai traer cambios en actividades que até o de agora eran imprescindibles no sector, pero atopámonos coa inacción do Estado e da Xunta, que unicamente organizan actos e xornadas de análise das novas realidades que despois non se concretan en medidas a aplicar.

En consecuencia, son as empresas foráneas as que se especializan na aplicación da *industria 4.0* e as que a exportan ao noso país, mentres que as nosas industrias aplican estas melloras tecnolóxicas aprofundando na perda de empregos.

NA DEFENSA DA INDUSTRIA E DO EMPREGO NA GALIZA

10 DE ABRIL SANTIAGO

10:00 hs:
* Asemblea Nacional de Delegadas/os
Facultade de Dereito (Campus Sur)

12:00 hs:
Manifestación

CIG INDUSTRIA

8 de Marzo: a folga de mulleres desbordou as rúas de Galiza nunha xornada histórica

Milleiros de galegas secundaron o pasado 8 de Marzo a folga de mulleres 24 horas convocada pola CIG e as mobilizacións desenvolvidas ao longo de toda Galiza para reclamar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e o dereito a vivir sen violencia. A secretaria das Mulleres da CIG, Margarida Corral, cualificou este 8 de Marzo como unha “xornada histórica aínda maior que a do ano pasado” na que centos de milleiros de persoas desbordaron as rúas do país, mais que “non pode caer en saco roto”.

Reclama que “dunha vez por todas, os gobernos acometan reformas legais e sociais dirixidas a rematar co machismo que está tan arraigado nas institucións”, pois transcorrido un ano non só non se abriu ningún proceso que leve a mudanzas concretas, senón que incluso asistimos a un rearmamento da dereita máis reaccionaria. “Non abonda con parches oportunistas nin con mensaxes de apoio á nosa loita,



queremos garantías, estamos fartas de promesas, de hipocrísias, de conmemoracións baleiras de contido, o poder ten que tomar nota de que as mulleres non imos permitir ningún retroceso nos nosos dereitos cando nos quedan tantos por conquistar”, afirma.

Nesta liña, Corral salienta que logo de tantos anos de ser utilizado

como simple conmemoración, o 8 de Marzo, comeza a beber das súas orixes obreiras e a retomar o seu carácter revolucionario e advirte: “que o poder tome nota das nosas esixencias. Comeza a conta atrás. Nesta ocasión non imos permitir que vaian de farol. Se as mulleres paran, o mundo para. Que o teñan en conta”.

A CIG mobilizouse o 10 de Marzo cun chamamento a intensificar a loita para recuperar dereitos para avanzar

A Confederación Intersindical Galega mobilizouse o pasado 10 de Marzo, Día da Clase Obreira Galega, nas sete cidades do país e mais en Vilagarcía facendo un chamado ás traballadoras e aos traballadores a organizarse e a mobilizarse, porque só a través da loita poderemos forzar os cambios que nos permitan recuperar os dereitos para poder avanzar.

O secretario xeral da CIG, Paulo Carril, instou a non quedar de brazos cruzados ante o medre da precariedade, do empobrecemento, o incremento das desigualdades de xénero, o desmantelamento industrial, o peche de empresas ou a sangría da emigración que azoutan Galiza.

“É a clase obreira e o pobo galego quen ten que tomar iniciativas e asu-

mir máis compromiso para alcanzar políticas alternativas coas que na Galiza teñamos emprego, salarios e pensións dignas”, aseverou. Pero Carril tamén puxo a atención sobre as próximas convocatorias electorais como unha oportunidade para

cambiar esta realidade, “conscientes de que as saídas para o noso futuro pasan por apostar nas forzas políticas propias, autenticamente nacionalistas e de esquerdas, que defenden os nosos intereses sen hipotecas, sen obediencias a Madrid”.

